



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO LICITACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA O REFORZO DO SERVIZO DO DEPARTAMENTO DE TURISMO DO CONCELLO DE MUROS NO VERAN DE 2026

1. Denominación do servizo

“Reforzo do servizo do Departamento de Turismo no verán de 2026”

2. Duración

A duración mínima da prestación do servizo información turística é dun técnico de turismo por un período de catro meses, dende finais de xuño ata finais de outubro de 2026 e outro técnico de turismo por un período mínimo dún mes, en xullo de 2026.

3. Funcións a realizar o adxudicatario

Os informadores turísticos terán que facer as diversas actividades que se desenvolven no departamento como atención aos visitantes e ofrecer un servizo de información turística de calidade, xa que o Concello de Muros durante a temporada estival triplica a súa poboación debido a gran afluencia de turistas que recibe.

A empresa adxudicataria deberá de prestar os servizos de dous profesionais cun total de 37,5 horas semanais.

4. Requisitos do persoal que preste o servizo

O persoal que preste o servizo deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte
- Grao ou licenciatura en Humanidades
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Grao ou licenciatura en Historia

As contratacións de persoal que se financien ou xustifiquen a través desta convocatoria deberán ter o grupo de cotización e salario segundo o convenio colectivo aplicable.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

5. Orzamento base de licitación

Orzamento base de licitación sen IVE: 14.624,14 euros

IVE: 3.071,07 euros

Orzamento base licitación con IVE: 17.695,21 euros

6. Requisitos da empresa licitadora e criterios de adxudicación

A empresa licitadora deberá estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que relacionados con esta actividade, e recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Adxudicarase o contrato a aquela empresa que oferte un número maior de días de prestación do servizo mínimo establecido no punto 2 deste anuncio. No caso de empate entre dous ou mais licitadores, procederase a un sorteo público.

Antes do comezo dos servizos deberá presentar a documentación establecida no punto 4 e 6 deste anuncio.

7. Presentación de ofertas

Os licitadores interesados deberán presentar as súas ofertas de acordo co modelo que se adxunta a este anuncio no rexistro da sede electrónica do Concello de Muros nun prazo máximo de 10 días naturais a partir da publicación da oferta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

8. Forma de pago

O pagamento farase contra factura que se poderá presentar mensualmente en proporción ao tempo da prestación do servizo.

Documento asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Lago Lestón